Dilixencia: acta aprobada na sesión extraordinaria do 14.06.2023
A secretaria
Estefanía Manteiga Lamas

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 10.02.2023**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.11 h do 10.02.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Painceiras, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, Antón Lois Noceda Carballo, Ana Basoa Rioboo, Marta Pereiro Calvo e María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asiste: a concelleira María del Mar Piñeiro Otero

Secretaria: Estefanía Manteiga Lamas

Interventora: Eva María Casal Sanjurjo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**<u>1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión</u>**

Toma a palabra o presidente da corporación, Juventino José Trigo Rey, para motivar a urxencia da sesión plenaria, pola próxima finalización do prazo de presentación das solicitudes do Plan Provincial de Obras e Servizos

Seguidamente intervén o concelleiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, afirmando que as urxencias sempre son relativas, xa que durante os últimos anos foi modificado o prazo de presentación desde o mes de novembro ata o mes de febreiro actual, co cal sempre se espera ata o último momento. Confirma que o seu grupo votará a favor da urxencia

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que o goberno non fixo o traballo a tempo, traendo as urxencias a última hora, afirmando que votarán a favor pola defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Fene, para que non perdan investimentos.

O Presidente da corporación, resposta aos concelleiros que dos últimos anos e a vez que se trae con mais antelación, poñendo o exemplo que no 2019, foi o último día de prazo e cunha comisión o mesmo día.

Sometida a urxencia a votación foi ratificada por unanimidade dos membros presentes (16).

**<u>2. Aprobación, se procede, do expediente do POS+2023 da Deputación Provincial da Coruña para a cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)</u>**

Consta no expediente a seguinte Proposta que foi ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria urxente da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 09.02.2023 por 4 votos a favor ( 3 do grupo municipal do BNG e 1 voto do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do Partido Popular e 1 do grupo municipal do Partido Socialista), que transcrita di:

“**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Expediente: 2022/X999/000007 – 2023/G006/000023

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2023”, no que consta entre outra documentación:



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. Proxecto de obra "Mellora do camiño municipal: Aldea do Redondo" asinado por Antonio José Durán Maciñeira (RXE 202399900000277 do 26.01.2023). Consta informe técnico do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal do 31.01.2023 e informe da secretaria municipal do 06.02.2023.
2. Proxecto de obra "Senda peonil na rúa Camiño do Regueiro " asinado por Antonio José Durán Maciñeira (RXE 202399900000389 do 03.02.2023). Consta informe técnico do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal do 07.02.2023 e informe da secretaria municipal do 07.02.2023.
3. Proxecto de obra "Mellora da rede de abastecemento en rúa Travesa e Camiño Inferniño" asinado por Antonio José Durán Maciñeira (RXE 202399900000277 do 26.01.2023). Consta informe técnico do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal do 30.01.2023 e informe da secretaria municipal do 06.02.2023.
4. Proxecto de obra "Mellora da rede de abastecemento en Tellerías" asinado por Antonio José Durán Maciñeira (RXE 202399900000294 do 31.01.2022). Consta informe técnico do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal do 30.01.2023 e informe da secretaria municipal do 06.02.2023.
5. Proxecto de obra "Mellora de camiños municipais: Camiño Castro e rúa Beiramar" asinado por Antonio José Durán Maciñeira (RXE 202399900000389 do 03.02.2023). Consta informe técnico do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal do 06.02.2023 e informe da secretaria municipal do 07.02.2023.

Tendo en conta que o prazo de finalización da solicitude do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023 remata o 14.02.2023, proponse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023","achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:**

| | **Deputación** |
|---|---|
| Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes | - |
| Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final) | - |
| **Subtotal gasto corrente** | - |

**B ) Financiamento de investimentos:**

| **ACHEGA PROVINCIAL 2023** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | |
| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)** | **Total Concello** | **Orzamento total** |
| Mellora do camiño municipal: Aldea do Redondo | 75.772,57 € | 3.000,00 € | | | 78.772,57 € |
| Senda peonil na rúa Camiño do Regueiro | 172.915,71 € | 9.239,84 € | | | 182.155,55 € |



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Subtotal investimentos achega provincial 2023** | 248.688,28 € | 12.239,84 € | | | 260.928,12 € |

| **ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | |
| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)** | **Total Concello** | **Orzamento total** |
| Mellora da rede de abastecemento en rúa Travesa e Camiño Inferniño | 75.918,20 € | 4.035,71 € | - | 4.035,71 € | 79.953,91 € |
| Mellora da rede de abastecemento en Tellerías | 69.470,35 € | 3.000,00 € | - | 3.000,00 € | 72.470,35 € |
| **Subtotal investimentos achega provincial 2022** | 145.388,55 € | 7.035,71 € | - | 7.035,71 € | 152.424,26 € |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

1. **Redución de débeda con entidades financeiras:**

| **Entidade financeira** | **PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda** |
|---|---|
| | - |
| **Subtotal redución de débeda con entidades financeiras** | - |

1. **Resumo:**

| | | | **Concello** | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO** | | **Deputación** | **Concello** | **IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)** | **Total concello** | **Orzamento Total** |
| **A- GASTOS CORRENTES** | **Achega 2023** | - | | | | |
| | **Achega** | - | | | | |



C.I.
F.:
P-
150
360
0-G

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **2022 (Excep. Base 2.1)** | | | | | |
| **B- INVESTIMENTOS** | **Achega 2023** | 248.688,28 € | 12.239,84 € | - | 12.239,84 € | 260.928,12 € |
| | **Achega 2022** | 145.388,55 € | 7.035,71 € | - | 7.035,71 € | 152.424,26 € |
| **C- REDUCIÓN DÉBEDA** | **Préstamo 2023** | - | | | | - |
| **D- TOTAL** | **Achega 2023** | **248.688,28 €** | **12.239,84 €** | **-** | **12.239,84 €** | **260.928,12 €** |
| | **Achega 2022** | **145.388,55 €** | **7.035,71 €** | **-** | **7.035,71 €** | **152.424,26 €** |
| | **Préstamo 2023** | **-** | | | | |
| | **TOTAL** | **394.076,83 €** | **19.275,55 €** | **-** | **19.275,55 €** | **413.352,38 €** |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| **Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)** | **(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)** | **(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)** | **(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)** |
|---|---|---|---|
| Mellora de camiños municipais: Camiño Castro e rúa Beiramar | 319.929,94 € | - | - |
| **TOTAIS** | **319.929,94 €** | - | - |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Juventino José Trigo Rey."

Toma a palabra o concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Justo Martínez Ardá, para explicar as obras a aprobar no POS+2023.

Seguidamente o concelleiro do Partido Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, recorda que en lexislaturas anteriores, existían unhas reunións previas nas que todos os grupos aportaban propostas para obras no concello e despois escollíanse. Afirma que aínda sendo partícipes das obras a propoñer, o BNG, ao chegar ao pleno de aprobación poñían problemas ou nalgunha ocasión mesmo votaban en contra, desculpándose dicindo que non tiveran tempo a ver os informes. Recorda que despois de pagar a débeda bancaria que deixou na súa maior parte o Bloque Nacionalista Galego, quedou un remanente de tesourería que se usou para un programa de aglomerado urbano e rural e cando se trouxeron as modificacións orzamentarias ao Pleno, mesmo se atreveron a votar en contra, polo que di que leccións as mínimas.
Engade que tanto prazo para preparar o POS como este ano non o houbo nunca e que o que se trae non ten nin cantidade, nin calidade. É unha loucura gastar 197.000 euros nunha senda peonil nunha estrada da Xunta de Galicia (inda que poden velo por seguridade vial porque Regueiro é moi transitado).
Dubida que o abastecemento en Travesa estea ben porque xa se fixo algo nese camiño.
Xa advertira que eles non estaban por facer sendas e si saneamentos, polo que non vendo a previsión de facer ningún, anuncia que se van a abster na votación, despois de ver o contido e as formas.

A continuación o concelleiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, afirma que non se vai meter no contido das obras, xa que os concellos teñen moitas necesidades de utilidade para os veciños. Di que o que máis preocupa desta proposta son as formas por falta de respecto á vontade democrática. Antes as propostas para engadir no POS traíanse completas para debater sobre elas. Nestes momentos estamos ante un goberno en minoría e os asuntos non se traen antes a validación ou suxestión, polo que esta Proposta é un órdago á vontade popular representada no Pleno sen que o resto do Pleno, a maioría, tiveran nin seguera a posibilidade real de facer algunha proposta que se tivera en consideración. Iso non é democrático.
O Partido Socialista vai apoiar as propostas en favor dos veciños e veciñas do Concello de Fene, xa que estes, non teñen a culpa do talante do alcalde actual sen vontade de diálogo para pedir ideas ao resto dos grupos, usurpando a vontade dos veciños aquí representados.

Toma a palabra o presidente da corporación, Juventino José Trigo Rey, que en primeiro lugar resposta ao concelleiro do grupo socialista, dicindo que en ningún momento hai falta de respecto e que ao mellor é el o que nunca está de acordo, co cal cre que non pode dar leccións de actitude. O feito de non acudir ás comisións tamén fai que falte información.
En relación ás afirmacións do concelleiro do grupo Popular, di que ou minte ou non se lembra que no ano 2019 non tiñan maioría absoluta e presentaron o POS o último día sen comisión e sen contar previamente co Bloque Nacionalista Galego.

Seguidamente o concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Justo Martínez Ardá, afirma que o martes 27 de setembro, na comisión de obras, indicouse aos que acudiron a mesma que por parte do goberno íase comezar a solicitude de obras que se consideraban oportunas. Nese

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

mesmo momento solicitouse ao resto de grupos políticos aportacións de obras para revisar, falando o Partido Popular do saneamento do Feal, Belelle e Mundín, obras complexas, sen dispoñibilidade de terreos. Por parte do grupo Socialista, falouse posteriormente do Piñal, existindo un problema tamén coa dispoñibilidade dos terreos.

Resposta o concelleiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que había moitas reunións, Xunta de Voceiros e se presentaba un listado de obras, algunhas complexas.
Prosegue dicindo que, como confirmou o concelleiro de obras, que as obras propostas non son tidas en conta pola cantidade de traballo que necesitan, elixindo as que menos traballo e autorizacións necesitan. Faltan nos 3 anos que levan de lexislatura a primeira reunión para falar das obras cos grupos políticos e non vale falar das sesións das Xuntas de Portavoces. Falta previsión e traballo, sendo o dato da entrada dos proxectos polo rexistro o que o confirma.

A continuación o concelleiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, afirma que poñen na súa boca cousas que non dixo, e que o problema fundamental é a falta de diálogo e as formas de tomar as decisións, sen tempo de buscar alternativas e faltarlle ao respecto a moitas veciños aquí representados, ao non ter o seu grupo maioría absoluta.

Aclara o presidente da corporación, Juventino José Trigo Rey, que nos proxectos que se pretenden aprobar, nos de maior importe, co aglomerado está engadido o saneamento.

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado logo de obter 10 votos a favor (6 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 abstencións do grupo Municipal do Partido Popular.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acordou:

**1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023","achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":**

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:**

| | Deputación |
|---|---|
| **Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes** | - |
| **Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)** | - |
| **Subtotal gasto corrente** | - |

**B ) Financiamento de investimentos:**

| ACHEGA PROVINCIAL 2023 | FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Concello | | | |
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Achega municipal | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable) | Total Concello | Orzamento total |
| Mellora do camiño municipal: Aldea do Redondo | 75.772,57 € | 3.000,00 € | | | 78.772,57 € |



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Senda peonil na rúa Camiño do Regueiro | **172.915,71 €** | **9.239,84 €** | | | **182.155,55 €** |
| **Subtotal investimentos achega provincial 2023** | **248.688,28 €** | **12.239,84 €** | | | **260.928,12 €** |

| **ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | |
| **Denominación da obra ou subministración** | **Deputación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)** | **Total Concello** | **Orzamento total** |
| Mellora da rede de abastecemento en rúa Travesa e Camiño Inferniño | **75.918,20 €** | **4.035,71 €** | **-** | **4.035,71 €** | **79.953,91 €** |
| Mellora da rede de abastecemento en Tellerías | **69.470,35 €** | **3.000,00 €** | **-** | **3.000,00 €** | **72.470,35 €** |
| **Subtotal investimentos achega provincial 2022** | **145.388,55 €** | **7.035,71 €** | **-** | **7.035,71 €** | **152.424,26 €** |

**Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.**

## 2. Redución de débeda con entidades financeiras:

| **Entidade financeira** | **PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda** |
|---|---|
| | - |
| **Subtotal redución de débeda con entidades financeiras** | - |

## 2. Resumo:

| | | | **Concello** | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO** | | **Deputación** | **Concello** | **IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)** | **Total concello** | **Orzamento Total** |
| | **Achega** | - | | | | |



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
C.I.F.: P-1502600-G

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A- GASTOS CORRENTES | 2023 | | | | | |
| | Achega 2022 (Excep. Base 2.1) | - | | | | |
| B- INVESTIMENTOS | Achega 2023 | 248.688,28 € | 12.239,84 € | - | 12.239,84 € | 260.928,12 € |
| | Achega 2022 | 145.388,55 € | 7.035,71 € | - | 7.035,71 € | 152.424,26 € |
| C- REDUCIÓN DÉBEDA | Préstamo 2023 | - | | | | - |
| D- TOTAL | Achega 2023 | 248.688,28 € | 12.239,84 € | - | 12.239,84 € | 260.928,12 € |
| | Achega 2022 | 145.388,55 € | 7.035,71 € | - | 7.035,71 € | 152.424,26 € |
| | Préstamo 2023 | - | | | | |
| | TOTAL | 394.076,83 € | 19.275,55 € | - | 19.275,55 € | 413.352,38 € |

**2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:**

| Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados) | (A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible) | (B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible) | (C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible) |
|---|---|---|---|
| Mellora de camiños municipais: Camiño Castro e rúa Beiramar | 319.929,94 € | - | - |
| TOTAIS | 319.929,94 € | - | - |

**3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.**

**4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.**

**5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.**



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.**

**7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.**

**3. Aprobación, se procede, do expediente do POS+Adicional 1/2023 da Deputación Provincial da Coruña para financiamento de gastos sociais extraordinarios**

Consta no expediente a seguinte Proposta que foi ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria urxente da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 09.02.2023 por 4 votos a favor ( 3 do grupo municipal do BNG e 1 voto do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do Partido Popular e 1 do grupo municipal do Partido Socialista), que transcrita di:

“**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Expediente: 2023/A007/000001 - 2023/G006/000022

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, no que consta a seguinte documentación:

1. Informe técnico sobre a solicitude de subvención POS+AD1-GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIO, ano 2023 da Coordinadora do Departamento de Benestar Social e Igualdade, Pilar Couce Freire do 03.02.2021

2. Informe da Intervención municipal sobre gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022 da Interventora municipal, Eva Mª Casal Sanjurjo, do 07.02.2023.

Tendo en conta que o prazo de finalización da solicitude do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios remata o 14.02.2022, proponse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023** | | | 72.534,08 € | | |
| | | | | | |
| **GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023** | **PREVISIÓN DE GASTOS 2023** | **ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS** | **ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR** | **PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR** | **OUTROS RECURSOS PROPIOS DO** |



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| GASTO CORRENTE | | PÚBLICOS OU PRIVADOS | POLO CONCELLO | AO POS+ADICIONAL 2023 | CONCELLO |
|---|---|---|---|---|---|
| | (A) | (B) | (C=A-B) | (D) | (E=C-D) |
| a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.<br><br>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación. | 0,00 € | | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.<br><br>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €. | | | 0,00 € | | 0,00 € |
| c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.<br><br>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.<br><br>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas. | 1.287.371,69 € | 839.089,77 € | 448.281,92 € | 72.534,08 € | 375.747,84 € |
| d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios. | | | 0,00 € | | 0,00 € |
| e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios | | | 0,00 € | | 0,00 € |

C.I.F.: P-1503600-G

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais. | | | | | |
| f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas. | | | 0,00 € | | 0,00 € |
| g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios. | | | 0,00 € | | 0,00 € |
| h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h. | | | 0,00 € | | 0,00 € |
| **SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación** | **1.287.371,69 €** | **839.089,77 €** | **448.281,92 €** | **72.534,08 €** | **375.747,84 €** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| **GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023**<br><br>**INVESTIMENTO** | **PREVISIÓN DE GASTOS** | **ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS** | **ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO** | **IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023** | **OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO** |
| | (A) | (B) | (C=A-B) | (D) | (E=C-D) |
| i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios. | | | 0,00 € | | 0,00 € |
| j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais | | | 0,00 € | | 0,00 € |
| **SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO** | **0,00 €** | **0,00 €** | **0,00 €** | **0,00 €** | 0,00 € |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | **PREVISIÓN DE GASTOS** | **ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS** | **ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO** | **IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023** | **OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO** |
| **TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023** | **1.287.371,69 €** | **839.089,77 €** | **448.281,92 €** | **72.534,08 €** | **375.747,84 €** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| **I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES** | **72.534,08 €** | |
| **II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)** | **0,00 €** | |
| **III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)** | **0,00 €** | |
| **TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)** | **72.534,08 €** | |

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

En Fene, asinado dixitalmente polo alcalde Juventino José Trigo Rey na data que figura no panel de sinatura."

Toma a palabra a concelleira do grupo Mixto, María Carmen Martínez Rodríguez, para explicar a proposta de gastos sociais extraordinarios do POS.

O grupo municipal Popular, confirma a súa intención de absterse, polo exposto no primeiro punto.

O grupo municipal Socialista, fala de que a corporación debe incrementar as achegas aos colectivos máis desfavorecidos, estando a favor deste punto.

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado logo de obter 10 votos a favor (6 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 abstencións do grupo Municipal do Partido Popular.**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acordou:

**1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023** | | | **72.534,08 €** | | |
| | | | | | |
| **GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023**<br><br>**GASTO CORRENTE** | **PREVISIÓN DE GASTOS 2023** | **ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS** | **ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO** | **PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023** | **OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO** |
| | **(A)** | **(B)** | **(C=A-B)** | **(D)** | **(E=C-D)** |
| **a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.**<br><br>**O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto** | **0,00 €** | | **0,00 €** | **0,00 €** | **0,00 €** |



FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
C.I. E: P- 150 360 0-G

FENE CONCELLO
www.fenecidadan.gal

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **vai dirixido a nova contratación.** | | | | | |
| **b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.<br><br>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.** | | | **0,00 €** | | **0,00 €** |
| **c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.<br><br>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.<br><br>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.** | **1.287.371,69 €** | **839.089,77 €** | **448.281,92 €** | **72.534,08 €** | **375.747,84 €** |
| **d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.** | | | **0,00 €** | | **0,00 €** |
| **e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.** | | | **0,00 €** | | **0,00 €** |
| **f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.** | | | **0,00 €** | | **0,00 €** |
| **g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás** | | | **0,00 €** | | **0,00 €** |

C.I.F: P-1503600-G

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.** | | | | | |
| **h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.** | | | **0,00 €** | | **0,00 €** |
| **SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación** | **1.287.371,69 €** | **839.089,77 €** | **448.281,92 €** | **72.534,08 €** | **375.747,84 €** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| **GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023<br><br>INVESTIMENTO** | **PREVISIÓN DE GASTOS** | **ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS** | **ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO** | **IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023** | **OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO** |
| | **(A)** | **(B)** | **(C=A-B)** | **(D)** | **(E=C-D)** |
| **i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.** | | | **0,00 €** | | **0,00 €** |
| **j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais** | | | **0,00 €** | | **0,00 €** |
| **SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO** | **0,00 €** | **0,00 €** | **0,00 €** | **0,00 €** | **0,00 €** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | **PREVISIÓN DE GASTOS** | **ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS** | **ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO** | **IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023** | **OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO** |
| **TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023** | **1.287.371,69 €** | **839.089,77 €** | **448.281,92 €** | **72.534,08 €** | **375.747,84 €** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

| | | |
|---|---|---|
| **I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES** | **72.534,08 €** | |
| **II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)** | **0,00 €** | |
| **III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)** | **0,00 €** | |
| **TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)** | **72.534,08 €** | |

C.I. F: P-150360-G

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FENE
CONCELLO
www.fenecidadan.gal

**2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 09.57 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C.I.F: P-1503600-G

FIRMADO POR Estefanía Manteiga Lamas (FECHA: 14/06/2023 14:50:00) , Juventino José Trigo Rey (FECHA: 16/06/2023 09:23:00)
Versión imprimible
CVD: q9xxJ+nBdpy9RV82uyBy
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.